

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

IES G. TORRENTE BALLESTER

CURSO 2015-2016

## ÍNDICE

Introdución e obxectivos xerais.....	3
Descrición do centro e breve análise sociolingüística.....	4
Medidas tendentes á consecución dos obxectivos previstos no <i>Plan Xeral para o uso do Idioma e o Plan Específico para o Ensino da Língua Galega</i> .....	5
Actividades previstas.....	6
Cadro resumo.....	10

## PROXECTO PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO

### **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO I.E.S GONZALO TORRENTE BALLESTER. CURSO 2015-2016**

#### 1. INTRODUCCIÓN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES G. Torrente Ballester, constituído tra-la reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do día 8 de setembro de 2015 e do que forman parte as profesoras: M<sup>a</sup> Ángeles Pandelo Lorenzo (coordinadora) e María Dolores Valiño Ferrín presenta o seguinte proxecto do fomento do uso do galego, que tentará continuar na liña das actividades realizadas nos anos anteriores, malia a incertidume sobre o posible apoio presupostario por parte da administración.

Deste xeito as actividades programadas estarán encamiñadas á promoción do uso do galego na aula, no patio e en todos os espazos de convivencia do alumnado, co fin de tentar desbotar a idea de que se trata dunha lingua oral e coloquial non válida para desenvolverse en espazos máis formais e deste xeito facela operativa en calquera clase de situación cotiá. O obxectivo é conseguir equiparar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega e castelá.

Outro labor é velar porque todos os documentos relativos á vida administrativa e de funcionamento interno do centro: comunicacións, convocatorias, informes, memorias, impresos, partes, etc. se desenvolvan en galego. De igual xeito debe ser potenciado o idioma nos espazos de convivencia: cafetería, biblioteca, etc.

Outro punto moi importante que debe afrontar este Equipo é informar ó profesorado de todo tipo de recursos na nosa lingua, para un correcto cumprimento da normativa que regula as materias que deben ser impartidas en lingua galega..

#### 2. OBXECTIVOS XERAIS

- Acadar a mesma competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización.
- Proporcionarlles aos rapaces referentes culturais modernos e atractivos en galego, a ser posible, producidos en Galicia e/ ou por galegos.
- Crear contextos lúdicos nos que o uso do galego sexa a norma de uso común e nos que, polo tanto, os rapaces empreguen o galego nos seus rexistros máis coloquiais.
- Priorizar a fala sobre a escrita (perdemos falantes, non lectores nin escritores).
- Intentar a reflexión lingüística individual e colectiva co fin de que os rapaces analicen as causas que os levan a utilizar unha lingua ou outra, así como as posibles consecuencias.
- Informar sobre as vantaxes do bilingüismo (individual), así como do ensino bilingüe.
- Contribuír, desde o estudo das linguas clásicas, á adquisición da competencia lingüística en galego, como base do desenvolvemento persoal do alumnado.
- Usar a lingua galega como medio de expresión normal do centro en diferentes situacións, equiparándoa co uso do castelán neses mesmos contextos.

-Favorecer a competencia lingüística do profesorado nas dúas linguas de aprendizaxe.

-Compartir experiencias normalizadoras con outros centros educativos, institucións, asociacións e movementos cidadáns para acadar unha dinámica normalizadora emmarcada nun proxecto social máis amplo.

O noso horizonte é rematar coa situación social de desigualdade entre os dous idiomas.

### 3.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Cooperar no desenvolvemento daquelas estratexias e propostas normalizadoras que a comunidade escolar e o equipo vaian estimando máis pertinentes.
- Promover que a comunidade educativa manexe un maior volume de documentación en galego, sobre todo dentro da aula.
- Coordinar as actuacións do equipo de dinamización co resto de departamentos, especialmente coa persoa encargada da coordinación de biblioteca e coa persoa encargada da coordinación de TIC.
- Implicar ao profesorado nas accións desenvolvidas polo Equipo Dinamización da Língua Galega.
- Facilitar ao profesorado información e axudas precisas nas dificultades que atopen no uso normalizado da lingua galega nas súas tarefas docentes.
- Elaborar materiais que animen ao estudantado na utilización do galego en todas as tarefas da súa vida e, nomeadamente, nas súas actividades académicas e profesionais.
- Implicar ao alumnado en actividades organizadas polo equipo de dinamización da lingua.
- Impulsar propostas do alumnado nas que se compaxine, uso da lingua, valores culturais da nosa terra....
- Motivar ao alumnado na lectura e escritura en lingua galega, facilitando o acceso a fontes de coñecemento en lingua galega e as ferramentas ligadas ás TIC que sexan precisas.
- Contribuír na medida das nosas posibilidades, a facer visible o galego na rede, como unha estratexia máis para estender e normalizar o seu uso nas novas formas de comunicación entre as persoas.

### 4. DESCRICIÓN DO CENTRO E BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O IES G. Torrente Ballester é un centro público situado nunha zona de Pontevedra que fai anos poderíamos considerar como extrarradio pero da que agora se pode dicir que queda integrada dentro da cidade. Trátase dun centro que, a partir dos datos recollidos, presenta un nivel de galeguización un pouco máis alto en comparación con outros da capital, porque acolle un alumnado en boa parte procedente da periferia de Pontevedra, aínda que segue a tendencia da forte desgaleguización das zonas rurais que afecta a Galicia en xeral, e a parte atlántica máis en particular.

Unha vantaxe deste centro é que está situado nun concello que posúe unha rede social favorable ó uso do galego a través da planificación dunha serie de eventos que se realizan de xeito periódico. Por outra banda, o feito de que unha parte importante do noso alumnado proceda de concellos limítrofes conduce a que esta vantaxe se poida volver contra nós no tocante a incardinarnos nesa serie de actividades.

#### **a) O contexto sociolingüístico do centro.**

As enquisas realizadas no centro vertébranse en tres eixos: alumnado, profesorado e ámbito administrativo. Os datos extractados foron os seguinte:

## 1. No tocante ó alumnado

LINGUA E USO	GALEGO	CASTELÁN
Lingua habitual na casa	31,8 %	68,2 %
Lingua de comunicación dos pais entre si	38,1 %	61,9 %
Lingua de comunicación pais/alumnos	27,3 %	72,7 %
Lingua de uso habitual entre alumnos	4,5 %	95,5 %
Lingua de máis uso no lugar de residencia	30,2 %	69,8 %

Dos evanditos datos podemos extraer as seguintes consideracións:

Cada vez prima máis o castelán no lugar de residencia do alumnado, chegando a duplicar o uso do galego e xa non digamos a lingua utilizada entre os alumnos, aquí o **galego está a desaparecer**:

A lingua de comunicación entre pais e alumnos está situada nunha porcentaxe claramente favorable ó castelán 72% fronte ó 27% do galego.

A lingua de comunicación entre o alumnado é dun 4% para o galego fronte a un 95% para o castelán.

Quizais esta tendencia castelanizante se vexa agravada porque ultimamente recibimos moito alumnado do centro de Pontevedra para 1º de ESO e de centros privados para 1º de Bacharelato.

## 2. No relativo ao profesorado

Respecto ao persoal docente podemos facer as seguintes consideracións desde o punto de vista da lingua galega na súa actividade:

Cúmprese a normativa legal vixente no tocante á impartición de determinadas materias en lingua galega. Podemos dicir que un 50% do profesorado imparte as súas clases en galego. Os materiais curriculares non están todos eles en galego, pero iso obedece tamén a razóns externas de maior ou menor idoneidade destes.

## 3. . No ámbito administrativo

O IES Torrente Ballester en toda a súa documentación interna e externa (agás aquela que teña que producir efecto fóra da comunidade autónoma), en todos os procesos de información ós diferentes sectores da comunidade, en todo o material que se utiliza no centro e que leva o nome deste, emprega como idioma de uso o galego.

### **MEDIDAS TENDENTES Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS NO *PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA* E NO *PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO EN LINGUA GALEGA*.**

Medidas tendentes á consecución dos obxectivos no Sector de Educación, familia e mocidade e a súa posible repercusión nas actividades de fomento do uso do galego do EDL:

**1. *Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego, diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar deste idioma coma sobre a lingua galega en xeral.***

O primeiro paso que pretendemos dar no referente a este punto é o de informar: tanto a ANPA como os pais e nais en xeral, a través dun **tríptico**, das bondades do dominio de varias linguas facendo fincapé no valor de posuír unha lingua de noso.

2. *Establecer, de acordo coas ANPA, asociacións de centros privados, organizacións sindicais e outras entidades con incidencia no ámbito escolar, convenios de colaboración encamiñados a realizar unha programación estable e periódica de actividades de sensibilización e de información: charlas, concursos, etc.*

No noso Proxecto de fomento do uso do galego contemplamos a posibilidade de establecer contactos co entorno inmediato do centro ou do alumnado para exercer de tradutores na hostalaría, comunidades veciñais, etc. Así mesmo, exercer este mesmo labor coa ANPA e outras entidades que empregan as instalacións do centro. Este proxecto xa o comezamos a desenvolver no curso 2007/2008, agora trátase de continuo.

3. *Establecer un plan de formación sociolingüística para todos os docentes implicados nas actividades de normalización lingüística e para os sectores encargados da formación, asesoramento e control do profesorado: Inspección Educativa, equipos directivos dos centros e asesores dos CEFORE.*

Moitos profesores xa participaron en anos anteriores en Seminarios de Dinamización Lingüística no Ensino.

4. *Colaboración con departamentos.*

Busca de materiais en galego para os diferentes departamentos, elaboración dunha listaxe de páxinas web: ferramentas lúdicas na rede (oferta da mesma ao diferente tipo de persoal –docente e discente-, ás distintas materias, etc).

5. *Potenciar os usos orais e escritos máis alá da materia, e aumentar a valoración do idioma dignificando o seu uso e tentando superar os prexuízos existentes dun xeito natural.*

Uso da biblioteca do centro como un elemento normalizador, información sobre tradutores que poidan ser de utilidade, instalándoos na Aula de informática, Biblioteca do centro e quipos informáticos destinados aos profesores, información permanente ao profesorado sobre material en galego e cursos de formación e linguaxes específicas.

6. *Realizar un plan de atención ao alumnado con descoñecemento do galego (1º, 2º, 3º): listaxe de material e recursos que se estimen necesarios.*

#### 5. CALENDARIO DE REUNIÓN

O Equipo de dinamización da lingua galega non ten un calendario de reunións fixado, xa que, non é fácil atopar coincidencias no horario do profesorado, polo que se buscarán momentos nos que, se non todo o equipo, polo menos parte del poida falar e decidir sobre as actividades que se pretenden desenvolver.

En calquera caso, a forma de comunicación que utilizaremos para dar a coñecer acordos e información relevante para todo o equipo será vía correo electrónico

#### 6. PERSOAS QUE COMPOÑEN O EQUIPO

1. **MANUEL MARTÍ FIGUEIRAS** ( profesor do departamento de plástica)
2. **DOLORES VALIÑO FERRÍN** ( profesora do departamento de galego)
3. **Mª CARMEN COSTA DEL RÍO** ( profesora do departamento de galego)
4. **PEDRO ITURBURÚA ARRIZABALAGA** ( profesor do departamento de lingua castelá)
5. **ELENA Mª VÁZQUEZ GARCÍA**( profesora do departamento de tecnoloxía)
6. **Mª ÁNGELES PANDELO LORENZO** ( profesora do departamento de bioloxía e coordinadora)
7. **ALEXANDER BALEA GRELA** (alumno de1º de bacharelato)
8. **LAURA BRAVO REGUERA** (alumno de 1º de bacharelato)
9. **Mª JOSÉ GONZÁLEZ AGULLA** (persoal de administración e servizos)
10. **Mª DOLORES SANMARTÍN FERRÍN** (persoal de administración e servizos)

## 7. PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES PREVISTAS

A continuación expomos as actividades concretas que o EDLG do IES Torrente Ballester tentará desenvolver durante este curso. Esta relación está aberta a todo tipo de suxestións que poidan ir xurdindo.

As actividades que se organizarán para a dinamización da lingua galega xirarán ó redor de tres eixos básicos:

- **a oralidade**
- **a lectura e**
- **as novas tecnoloxías.**

No tocante ao primeiro punto tratarase de fomentar todo o relativo ao fomento do galego oral, dado que é a eiva fundamental da aprendizaxe que está a ter a lingua galega nestes momentos, para isto traballarase na procura de realizar un **arquivo sonoro de centro**, no cal queden reflectidas gravacións de recolleitas feitas polo noso alumnado, que teñan relación con distintos campos: a literatura de tradición oral, a toponimia, a historia, etc., e tamén gravacións de teatro lido ou representado no centro. Na exposición das actividades volveremos sobre este punto.

No relativo ó segundo eixo, o plan de lectura vai intrinsecamente relacionado co anterior, posto que a través de lecturas previamente feitas tentarase a creación de **Clubs de lectura** nos cales o tratamento da oralidade é o punto máis importante. Neste punto implícase moito o profesorado que leva a biblioteca.

Por último, o terceiro eixo referente ás **TIC** non é tampouco alleo ós anteriores, porque a introdución das novas tecnoloxías é precisa para que o alumnado traballe con arquivos sonoros recollidos por eles en distintos sistemas, e estes poidan ser incorporados á páxina web do centro.

### ACTIVIDADES

➤ Publicación do libro *Corazóns e Coitelos*, no que se inclúen 20 relatos escritos por alumnos deste centro que foro premiados en diversos certames literarios celebrados durante o curso pasado. O libro vai presentado por un texto do director do centro, Xosé Ramó Couto Fariña e tamén leva un limiar do escritor Pedro Feijoo que xenerosamente aceptou participar nesta iniciativa.

➤ Participación nos obradoiros de animacións sociolingüística que promove o Concello de Pontevedra cuxo obxectivo é que, desde unha perspectiva lúdica, os nosos alumnos amplíen os usos do galego ós espazos de lecer, de aí que non estean enfocados como un obradoiro tradicional e mesturen os xogos e saídas a outros lugares na procura dunha sensibilización da mocidade coa lingua galega.

➤ *Saída fotográfico-léxico-naturalista e posterior exposición co material obtido*  
Nesta actividade do EDLG colaboran os dptos. de Ciencias Naturais e de Artes Plásticas. No día fixado, os alumnos saíran con cadansúa cámara fotográfica, seguindo as indicións dos profesores acompañantes. Esta actividade pódese incluír na excursión a Armenteira que organizan os departamentos de Relixión e Educación Física.

➤ Coma cada ano, participaremos nas en algunha saída teatral, especialmente nas que nos oferta o Concello de Pontevedra, tentando implicar a maior parte posible do noso alumnado. Como aínda non temos a programación do Concello non sabemos que cursos asistirán ás representacións nin as datas.

➤ Colaboración con REAL ( Rede de Entidades de Amigos da Lingua) promovido polo Concello de Pontevedra co obxectivo de premiar a aquelas entidades que se preocupen polo uso da lingua galega.

➤ Liga de debate promovida polo Concello de Pontevedra : para alumnos de 1º de bacharelato. Participan alumnos de diferentes institutos. O obxectivo é empregar a lingua galega para defender ou rebater sobre un determinado tema.

➤ Tentaremos traballar coa prensa na clase para analizar o uso da lingua galega en distintos xornais. Esta actividade realizarase ao longo do curso.

➤ Dentro das actividades enfocadas para o profesorado como motor fundamental na planificación lingüística, unha parte do noso profesorado acostuma a participar no *Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino* que se vén celebrando en Pontevedra, encamiñado a ser un foro de debate das estratexias, as ferramentas e os recursos cos que contan os EDLG, e que esperamos continúe a ser un referente onde expoñer as nosas experiencias e abra novos campos de traballo ó abeiro da nova lexislación. Colaboraremos cos departamentos na busca de materiais en galego, elaboraremos unha listaxe de páxinas web: ferramentas lúdicas na rede que ofertaremos a todo o persoal pero dándolle prioridade a aqueles departamentos interesados.

➤ Participación no XVI *Salón do libro infantil e xuvenil*, que se desenvolverá en Pontevedra durante o mes de marzo de 2015. Nesta edición o Salón leva o título de “Entre a ciencia e a ficción”. Neste punto estamos a traballar os departamentos de Lingua e Literatura Galega, o de Educación Plástica e Visual e o de Tecnoloxía no desenvolvemento dunha serie de proxectos para os cales se programarán *ex professo* as lecturas obrigatorias do primeiro trimestre. Alumnos de 1º de ESO.

➤ No ámbito da lectura tamén se está a programar o encontro con distintos escritores segundo as lecturas obrigatorias programadas para os distintos niveis de ESO.

➤ Convocatoria do concurso de *felicitacións de Nadal* en colaboración cos departamentos de Relixión e de Educación Plástica e Visual. No ámbito dos certames escolares prevese a realización doutros concursos ó longo do curso, en concreto, para o segundo trimestre ademais do tradicional de *Cartas Literarias de Amor*, procurarase realizar un concurso de *Receitas do Entroido*. Neste eido participárase noutros convocados por outras entidades ademais dos que se poidan organizar dende o centro, como o de *Letras de cancións de Rap* que se desenvolverá no derradeiro trimestre, igual que o concurso de poesía. Só para alumnos de ESO.

➤ Convocatoria do concurso de relatos para alumnos de todos os niveis do centro, que desde fai xa varios anos se ven celebrando en colaboración coa biblioteca do centro

➤ Realización duns marcapáxinas con poemas escritos polos alumnos e posteriormente en colaboración cos departamentos de formación profesional do centro facer un enmaquetado

➤ Convocatoria do concurso das DOCE PALABRAS máis bonitas do galego de toda a comunidade educativa do IES Torrente, en colaboración co departamento de educación Plástica e Visual e departamento de Filosofía . Con todas as palabras escritas e ilustradas faremos una exposición no centro e coas elexidas un almanaque para o vindeiro ano.

➤ Exposición fotográfica das árbores e paxaros autóctonos da contorna do centro educativo, onde desenvolven os nosos alumnos o tempo de lecer ou a súa vida diaria, cunha ficha científica de cada una deles, será en colaboración co departamento de BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

➤ CELEBRACIÓN DA SEMANA DA CIENCIA NO CENTRO, convidando a científicos relevantes no eido das ciencias, que fan divulgación científica en galego a un ciclo de conferencias. Dirixido ao alumnado do 2º ciclo da ESO e os alumnos de bacharelato.

➤ Celebración do *Día das Letras Galegas* coa organización de actividades que fomenten competencias activas por parte do alumnado, tanto teatrais como parateatrais como musicais. Proxección de películas, conferencias, maratón de lectura... O alumnado de 4º de ESO preparará unha exposición sobre a persoa homenaxeada, este ano o autor escollido pola Real Academia Galega é o lucense Manuel María Fernández Teixeiro.

➤ Participación no concurso “Ben Veñas, Maio”, organizado polos coordinadores dos EDLG dos distintos centros de Ensino Secundario de Pontevedra con distintos certames (musical, teatral, de poesía, de narrativa, de fotografía, de banda deseñada) e que está a ter moito éxito nas derradeiras edicións no campo da música (mes de abril e maio).

➤ Recolleita de distintos materiais sonoros para crear un arquivo sonoro de centro co que se pretende sacar a normalización das aulas e fomentar as relacións interxeracionais, é dicir que as nosas actuacións ultrapasen as barreiras do centro, para isto implicaríamos o alumnado do segundo ciclo da ESO, en concreto o de 3º da ESO e artellaríase un sistema de pequenas entrevistas por grupos que tratasen distintos temas: o da toponimia, o da historia recente e o da literatura de tradición oral. Así en cada grupo de alumnos trataríase de fomentar o traballo en equipo, de xeito que cadaquén se ocupase do seu ámbito, un/unha alumno/a realizaría a pequena enquisa, outro/a buscaría os informantes na súa familia ou ámbito social próximo e outro/a/s serían os encargados de facer as gravacións e transcribilas se é necesario. Tamén poderían ser os propios alumnos os que conten unha historia. Este material quedaría recollido na nosa páxina web e, en concreto no blogue de Normalización. O ano pasado xa se recolleron algunhas gravacións.

➤ Práctica do discurso oral mediante actividades que o favorezan: monólogos, dime como é, mapas do tempo, contos. etc. Para poder implicar aos alumnos en moitas destas actividades temos pensado elixir ao final aos máis colaboradores e levalos ao Courel nunha excursión dunha fin de semana.

➤ Colaboraremos coas visitas que se realicen desde outros departamentos (Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Arte, Cultura Clásica, etc.), como vén sendo habitual. En concreto en Lingua Galega e Literatura hai programada unha visita a Celanova para 1º de Bacharelato (Curros, Celso Emilio, pero tamén se pode aproveitar para ver o poder da igrexa reflectido no mosteiro, Allariz (cantigas...), Ourense (A Esmorga). Esta excursión poderíase combinar tamén coa visita ao campamento romano e mansión viaria de Aquis Querquennis en Bande. No segundo trimestre están previstas visitas ao roteiro Castelao (4º ESO) e ao roteiro Xoán Manuel Pintos (1º BACHARELATO).

➤ Exposicións: O Concello de Pontevedra, así como outras institucións e fundacións de carácter cultural, facilitan exposicións itinerantes sobre lingua e literatura galegas que habitualmente se instalan na Biblioteca ou na entrada do centro.

➤ Como xa quedou dito, a realización destas actividades queda aberta a todo tipo de suxestións que puidesen xurdir ó longo do curso, sobre todo no eido das saídas ou visitas extraescolares que nos sexan ofertadas por outras entidades.



CADRO RESUMO.

ASPECTOS PARA DESENVOLVER	ACTIVIDADES E CONTIDOS
Uso oral e escrito	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Plan de lectura nas aulas ( utilización de textos en galego) en materias diferentes á LGL.</li> <li>-Animar e favorecer a realización, por parte dos alumnos, de anuncios, audicións musicais, etc. en galego (ao longo do curso).</li> <li>-Publicación do libro de relatos escritos por estudantes do instituto.</li> <li>-Saída fotográfico-científico-léxica.</li> <li>-Exposicións de fotos das árbores e paxaros autóctonos que realizarán os alumnos do toda a ESO, facendo un mural na entrada do centro</li> <li>-Recolleita de material sonoro.</li> <li>-Favorecer o compromiso de utilizar o galego (profesorado, alumnado e persoal non docente).</li> <li>-Plan de voluntariado lingüístico (ao longo do curso).</li> <li>-Proxeccións cinematográficas en galego (en xornadas culturais ou actividades similares)</li> <li>-Semana das letras galegas: maratón de lectura; carteis, pins, camisetas; exposicións de material bibliográfico, audiovisual, etc. en galego. Concurso de poesía en galego.</li> <li>-Elaboración de material (cartelería, etc.) para animar ao uso do galego en todas as situacións (colaboración co departamento de plástica). Primeiro trimestre.</li> <li>-Elaboración dun almanaque coas DOCE palabras máis bonitas do galego escollidas das escritas por toda a comunidade educativa do noso centro.</li> <li>-Práctica do discurso oral con monólogos, dime como é, mapas do tempo, contos, etc. En titoría e ao longo do curso.</li> <li>-Utilización para traballar nas clases de xornais exclusivamente en galego: Sermos Galiza. En colaboración co departamento de LGL.</li> <li>-Concurso de poesía en galego (Letras Galegas).</li> <li>-Felicitacións de Nadal, cartas de amor, receitas de entroido.</li> <li>-Encontro con escritores (nos tres trimestres e para diferentes cursos).</li> <li>-Relatorios.</li> <li>-Xornadas de animación á lectura.</li> <li>-Revista escolar Aula Máxica.</li> </ul>
Colaboración con entidades, asociacións, etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-ANPA (campañas dirixidas aos asociados para animalos ao uso do galego).</li> <li>-Elaboración dun boletín, carta de presentación, etc., dirixido ás familias e aos demais sectores para dar a coñecer a existencia do EDLG e do seu traballo.</li> <li>-Colaboración externa con establecementos do contorno inmediato para proceder á galeguización de actos de comunicación (librarías, comercio, comunidade de veciños...)</li> <li>-Outras colaboracións: Obradoiros ofertados polo Concello, Liga de debates, Salón do Libro Infantil e Xuvenil, REAL, saídas ao teatro.</li> <li>-Exposicións itinerantes cedidas por institucións.</li> </ul>
Colaboración con departamentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Listaxe de páxinas web, ferramentas lúdicas en galego, materiais en galego...</li> <li>-Saídas culturais.</li> </ul>
Colaboración con outros centros educativos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Celebración do concurso Ben veñas, maio.</li> <li>-Intercambio con alumnos doutros equipos de dinamización.</li> </ul>
Utilización de novas tecnoloxías	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Adquisición de material informático e audiovisual en galego (programas informáticos, CDs interactivos, recursos informáticos das diferentes materias...)</li> <li>- Continuaremos traballando na páxina web do centro.</li> </ul>

Pontevedra, setembro de 2015, o coordinador do ENDL

Asdo.: M<sup>a</sup> Ángeles Pandelo Lorenzo

Visto e prace  
O director do centro IES G. Torrente Ballester

Asdo.: Francisco Otero